



Copy

En contestación as preguntas formuladas na sesión plenaria de data 26 de xaneiro de 2018,

- En relación coa primeira pregunta na que dí : “Segundo as nosas informacións non son só 4 porteiros contratados durante a duración da exposición In Tempore Sueborum. Tamén hai contratado un auxiliar administrativo para o Centro Cultural e con cargo, imaxinamos a esta partida. Pedimos na comisión que se nos trasladara a información de todos os gastos contraídos ata a data e aínda non se nos fixo chegar. Pregamos nola facilite canto antes.” Indícolle que o expediente estará á súa disposición, para que, en horario de oficina, o deputado do Grupo do BNG, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
In Tempore Sueborum	14-02-2018	Intervención

- En relación coa segunda cuestión plantexada na que di: “parece que o encontro de empresarios coa delegación asiática a Ourense custou 8.500 euros. Pedimos que se nos achegue relación de facturas dos gastos ocasionados.” Indícolle que o expediente estará á súa disposición, para que, en horario de oficina, o deputado do Grupo do BNG, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Visita Empresarial Asiática	14-02-2018	Contratación

- Respecto a terceira pregunta formulada que di . “ En relación co aboamento a distintos balnearios, por fomento do termalismo saudable e a cultura termal, pedimos tamén que se nos achegue relación detallada do número de persoas e cantidades económicas que se concederon a cada un dos establecementos da provincia que participan deste plan de termalismo.”

Indícolle que o expediente estará á súa disposición, para que, en horario de oficina, o deputado do Grupo do BNG, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Termalismo	14-02-2018	Benestar

- A cuarta pregunta dí: “ queremos que se nos pase relación detallada dos gastos ocasionados pola viaxe de FITUR das distintas persoas desta Deputación”

Os gastos orixinados por o desprazamento de Presidente e Vicepresidente 1º a FITUR 2018 figuran publicados en,

<http://www.depourense.es/index.php/indicadores-de-transparencia-ga?id=1367>



Achégolle, así mesmo, informe do Xerente do Inorde en relación coa estancia e stand, e sendos informes do Asesor de Cultura e do Director da Área de Benestar.

- En relación coa quinta cuestión formulada na que pide : “ Queremos unha relación detallada dos gastos que xerou a gala Ourensanía”, Indícolle que o expediente estará á súa disposición, para que, en horario de oficina, o deputado do Grupo do BNG, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Gala Ourensanía	14-02-2018	Intervención

- En canto á sexta solicitude na que dí: “ Copia das facturas pagadas a viaxes PUGA pola viaxe da Banda de Gaitas a Roma co gallo da beatificación de Faustino Míguez e que ascenden a 21.780€” , achégolle copia do expediente relativo a factura mencionada.

En caso de non poder asistir, prégolle que o comunique para fixar nova data (Xefe do Negociado de Transparencia . ext . 7605)

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentas de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 23 de xaneiro de 2018

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ, deputado provincial do Grupo BNG.

Grupo de BNG.- Deputación Provincial de Ourense.